



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Aprendendo con Datas

*Unha pequena guía didáctica sobre a obra de Alberto Datas
no Museo de Belas Artes da Coruña*



Aprendendo con Datas é unha pequena guía didáctica sobre o artista Alberto Datas e as súas obras na colección do museo de Belas Artes da Coruña. Co presente documento queremos dar unhas pinceladas sobre un dos grandes artistas contemporáneos galegos, facendo unha pequena achega a súa figura, ao seu estilo e algúns dos seus temas máis representativos. Acompañando ao texto propónse unha serie de actividades pensadas para o alumnado de Educación Primaria.

Animámosvos a realizas estes exercicios e compartir con nós os vosos resultados a través do correo electrónico:

mu.belas.artes.difusion@xunta.gal.

Aprendendo con Datas está escrito e deseñado polas educadoras Laura Domínguez Éstevez e Lucía Hidalgo Portomeñe para o Departamento de Didáctica do Museo de Belas Artes da Coruña.

ALBERTO DATAS NO MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

O artista: Alberto Datas

Alberto Datas Panero naceu na Coruña en 1935. Iniciou a súa formación na cidade natal ata ingresar en 1956 na Escola de Belas Artes e Oficios, acudindo paralelamente ao estudo do acuarelista Mariano García Patiño. Ingresou despois na Escola de Belas Artes de San Fernando ata 1961, ano no que acudiu á Escola de Belas Artes de Venecia a estudar pintura mural. Posteriormente estudou na Academia Española de Roma dende 1965 ata 1968. A esta ampla formación engadiuse unha longa experiencia no ámbito docente, primeiro na Escola de Belas Artes de San Fernando e despois na Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense.

A súa traxectoria artística estivo marcada por unha constante procura de novos horizontes conceptuais e expresivos. Asimilou as novas tendencias creativas da segunda metade do século XX : A xestualidade de Jackson Pollock, o expresionismo, a abstracción con tinguiduras surrealistas de Ashile Gorky, o gusto polo garabato aprendido do Grupo Cobra, creou unha poética pictórica persoal que concedía grande importancia ao impulso persoal e á percepción vital, que mostrou habitualmente en lenzos de grandes dimensións. A partir de mediados dos anos setenta o pintor abandonou a organización compositiva tradicional e as referencias ás figuras e á paisaxe, e pasou a introducir o xesto persoal na pincelada.

Alberto Datas foi considerado como un referente polos artistas galegos do **grupo Atlántica** cos que colaborou na década dos anos oitenta: Antón Patiño, Xesús Vázquez, Francisco Leiro, Menchu Lamas, Reimundo Patiño ou Ánxel Huete, entre outros. Este grupo exemplificou a actitude rupturista e vangardista nas formulacións expresivas e Datas contribuíu a definir a filosofía do atlantismo dentro do espírito internacionalista.

A súa obra no Museo de Belas Artes de Coruña

O Museo de Belas Artes da Coruña conta con tres obras desta artista: *Añoranza Galaica II* (1980), *Cabeza* (1983), *Rosalía* (1993). Todas elas son pinturas ao óleo dunhas considerables dimensións, característica típica do autor.

Añoranza Galaica II (1980)



Díptico formado por dous lenzos. Alberto Datas realizou a serie *Añoranza galaica* coincidindo coa súa participación nas primeiras mostras de *Atlántica*, celebradas en Baiona, Vigo e Madrid entre 1980 e 1981, encontros inspirados por un desexo de consolidar a modernización da arte en Galicia e que trataban de reforzar os seus acenos estéticos de identidade, revisitando as linguaxes precedentes de determinados vanguardismos históricos para integralos no mundo actual.

Pero, paradoxalmente, a sintonía máis explícita e consciente de Datas co espírito do devandito colectivo non se alcanza tanto nas obras que expón nas distintas mostras, senón en series como esta, elocuente exemplo da identidade galega que, ademais de facerse manifesta no título, materialízase formalmente a través dun expresionismo vivencial e un primitivismo instintivo localizado, non tanto no imaxinario antropolóxico galego, senón nos procesos primarios do paisaxismo, o cromatismo intuitivo, a comunión coa natureza e o *horror vacui*. Non hai narración nesta serie, senón impresións directas da natureza.

O **cromatismo** dramaticamente escuro da súa produción anterior deixa paso a un novo máis aceso a base de azuis, amarelos e verdes, cores húmidas das súas saudades galaicas, aplicados en forma de manchas de maneiras suaves, sobre as que discorren uns trazos negros como grafitis cada vez máis autónomos. O xesto do artista aparece disgregado polo azar, os volumes desmaterialízanse como corpos sen órganos e nace un dinamismo a partir da tensión creada entre as liñas e as manchas de cor.

Xunto ás achegas formais, outra importante singularidade desta obra para o coñecemento da traxectoria artística de Datas é o seu carácter seriado. Aínda que se trate dunha colección moi curta, de só dous exemplares, supón un testemuño máis dun recurso empregado en infinidade de ocasións ao longo da súa produción, que se suma a unha longa lista de títulos como *Cabezas*, *Superposición*, *Ritmos*, *Huellas* e tantas outras series que se desenvolven como diferentes variacións dunha mesma composición musical.

Cabeza (1983)



Os cadros de tons escuros de finais dos anos setenta dan paso ao triunfo da cor a inicios dos oitenta. Entón, o pintor métese no tema das cabezas, que será recorrente na súa obra. Cabezas con ou sen rostro, colocadas no eixe compositivo do cadro, invaden case todo o espazo logrando unha intensidade expresiva a través do gran formato e do vibrante cromatismo. Considérase a cabeza representada neste lenzo como unha das máis naturalistas da serie, as liñas delimitan o rostro da figura que aínda conserva a forma orgánica e os valores volumétricos.

O tema das cabezas foi un dos motivos predilectos para moitos artistas de ascendencia expresionista e informalista do século XX, que vían nel unha forma de recuperar unha icona clásica, símbolo do equilibrio e a beleza ideal, para subvertelo e interpretalo desde unha subxectividade moderna. No caso concreto de Datas, a presenza da cabeza constitúe unha constante iconográfica esencial.

Tratou este tema ao longo de toda a súa vida, xa fora de maneira illada, como vemos aquí, ou en forma dunha especie de mosaicos de rostros, executados a principios de 2000 e que titula *Cabezas*. Dada a súa recorrencia obsesiva, é evidente que este motivo representou para o autor un tema de profunda complexidade semántica.

Desde o punto de vista formal, evolucionou dende representacións como esta que, aínda que sometida ás desviacións plásticas propias do expresionismo, mantén certos signos naturalistas. De feito, as súas liñas delimitan aínda un rostro recoñecible, definindo os valores volumétricos e as formas orgánicas da modelo, e conservando una certa solidez formal que aínda non se desintegrou en trazos xestuais.

Máis adiante, a composición irase desmaterializando, para converter os rostros en meras estruturas lineais que emerxen sobre un fondo indiferenciado de cores e manchas. Así, a medida que nos achegamos ao presente, as cabezas perden entidade, as siluetas tórnanse máis abstractas e aparecen entrelazadas cos trazos promovidos polos arrebatos da acción pictórica.

Rosalía (1993)



Pertencente a un período de madurez, *Rosalía* representa un paso máis na intensificación do expresionismo respecto a etapas anteriores. Nesta obra convive a abstracción cunhas suxerencias figurativas en forma de rostros e figuras humanas delimitadas por trazos brancos e negros, que se superpoñen a un fondo indefinido de cores e manchas, converténdose en estruturas simbólicas, unha especie de magma onde o ser humano se fusiona indisolublemente co medio. Así, o autor retorna á diferenciación entre o lineal e o cromático que xa empregara na década dos 70, para acentuar as ambivalencias entre a **figuración** e a **abstracción**.

Dende o punto de vista técnico, esta composición é traballada a través de manchas alongadas, cunha actitude expresionista e xestual. Neste proceso no que recorre ao **automatismo** como método de traballo, a cor adquire un especial protagonismo, agudizado polo dramatismo que provoca o contraste entre os brancos e os negros, salpicados de amarelos, negros e azuis.

Pareidolia nas obras de Datas

Aínda que nos seus comezos Datas explorou un tipo de pintura figurativa de corte intimista, foi evolucionando cara unha expresionista destrución das referencias formais cunha gran forza xestual e un gran protagonismo da cor e a materia. Nesa desestructuración que tende ao caos vemos claras influencias de Bacon, Gorky, Basquiat e sobre todo de Pollock e o expresionismo americano.

O *action painting* móstrase con gran intensidade na súa obra máis tardía, na que sobre grandes lenzos nos que a través das manchas vai xerando un colorido paisaxe habitado por suxeridos rostros.

Así é como, aínda tendendo claramente á abstracción, neste tipo de cadros intuimos figuras ou cousas onde non hai formas concretas. Isto ocorre tamén no noso día a día,; acontece por exemplo cando observamos as nubes brancas e xogamos a atopar formas nelas. O mesmo pasa no coñecido test psicolóxico de Rorschach onde unha persoa observa unha serie de manchas de tinta e sinala que é o que ve nelas (unha mesma mancha pode parecer cousas distintas a diferentes persoas).


Este fenómeno chámase **pareidolia**. Nos nosos paseos habituais (da casa á escola, da casa ao parque, etc) podemos atoparnos con centos de exemplos de pareidolia. Nas manchas do chan na beirarúa, nunha mancha de humidade dun muro ou nas formas das vetas da madeira dun moble podemos diferenciar caras, obxectos ou calquera outro tipo de figura. Semella que se miramos con ollos creativos podemos atopar arte en calquera lugar.

ACTIVIDADE 1: MIRANDO CON OLLOS DE ARTISTA


Baseándonos na obra de Datas e a idea de pareidolia, imos traballar buscando caras, obxectos e figuras en manchas informes, mirando con ollos de artistas, para logo crear unha obra colectiva como se tratase dunha serie do artista.

Exercicio 1: A nosa propia pareidolia

1. O primeiro que temos que facer é coller papel ou calquera soporte que poidamos dobrar. Logo botaremos no centro pintura líquida dunha ou varias cores (tinta, óleo, témpera...)




2. Despois dobramos o papel pola metade e facemos algo de presión para que a pintura se espalle ben.



3. Con moito coidado, desdobramos o papel para ver o resultado da nosa mancha e deixamos que seque.



4. Unha vez que a pintura quede totalmente seca, observamos ben o resultado da nosa mancha buscando posibles figuras. Coa axuda dun lapis, bolígrafo ou rotulador facemos un debuxo no que se mostre a forma atopada. .



Exercicio 2: Series temáticas

Como xa vimos, a Alberto Datas gustáballe crear obras cun carácter seriado, é dicir, crear diferentes pezas que formasen parte dun conxunto, ben fosen dípticos, trípticos ou unha serie de obras que fosen variacións dun mesmo tema.

Inspirándonos nisto, unha vez que toda a aula crease a súa pareidolia, imos catalogalas por temáticas, agrupando así todas as que sexan formas de animais, de alimentos, de obxectos...

Unha vez divididas por temas, cada grupo creara unha composición con formato mosaico convertendo o conxunto de pezas individuais nunha obra colectiva á que lle dará un título.

Finalmente podedes expoñer a vosa obra en formato mural nas paredes da aula, nun corcho...

ACTIVIDADE 2: ROSALÍA NA AULA

Moitos artistas queren participar nos cambios da sociedade. A mediados do s. XX o mundo estaba transformándose moi á prisa e algúns creadores e creadoras buscaron o seu xeito persoal de interpretar eses cambios; moitos atoparon un camiño común na abstracción. Pero que é iso de “abstracción”?

Na pintura falamos de abstracción cando o artista ou a artista en vez de representar figuras concretas e recoñecibles do mundo real (como acontece na pintura figurativa), propón unha expresividade distinta a través dunha linguaxe artística baseada en formas, cores, manchas ou liñas.

Aínda que a obra *Rosalía* ten unha clara tendencia abstracta, Alberto Datas combínala con distintas figuras. *Sodes capaces de recoñecer algunha figura no cadro?* Para axudar a observar con detalle este cadro, propoñémosvos unha serie de preguntas:

- Que acontece nesta obra?
- Como credes que está pintado o cadro? (con pincel, cos dedos, cunha brocha)
- Pensades que pintou o cadro con moito coidado ou con xestos bruscos?
- Credes que lle levou moito ou pouco tempo a Alberto Datas realizar esta pintura?
- Que pintou primeiro e que pintou despois?
- Como cres que se sentía o artista cando o fixo? Diríades que observando este cadro podemos adiviñar algo sobre a súa personalidade?
- Que elementos recoñecedes no cadro? Caras? Corps? Obxectos?
- En certo momento da súa carreira, a Alberto Datas gustáballe pintar nas súas obras elementos que puidesemos recoñecer facilmente; unha cara, unha escaleira, unha camisa... Cales son os rasgos imprescindibles que nos fan recoñecer a expresión dunha cara? Cantas caras atopades no cadro?
- Como fixo o artista estes elementos que conseguides ver; con debuxos ou con manchas?
- No caso das manchas: como son? Grandes ou pequenas? Suaves ou intensas? Están ordenadas ou desordenadas?

Agora que xa observamos ben o cadro imos investigar coas súas manchas. Preparade o voso dedo índice para sinalar...

- Unha mancha fría
- Unha mancha que queime
- Unha mancha que se poda beber
- Unha mancha que de medo
- Unha mancha suave
- Escolle a mancha que máis che chame a atención do cadro: por que a escolliches? Como describirías a túa mancha? Está durmida ou esperta? É seria ou divertida? É tímida ou valente? Tranquila ou nerviosa?

Glosario

- **Grupo Altántica:** Foi un grupo artístico de Galicia que durante a década dos anos 80 reactivou a plástica galega. O colectivo, formado por artistas multidisciplinares, desenvolveu as súas traxectorias individualmente dende mediados dos 70 cunha actividade creativa experimental e autoxestionada.
- **Díptico:** Obra de pintura ou escultura que consta de dous paneis articulados entre si e que pechan coma un libro.
- **Horror vacui:** Expresión que significa literalmente 'horror ao baleiro'. Emprégase no campo da arte para referirse á tendencia de encher todos os espazos de elementos decorativos.
- **Cromatismo:** Abundancia de cores, especialmente en obras de arte.
- **Figuración:** Representación visual dos obxectos, sen desligarse da súa aparencia real.
- **Abstracción:** En pintura, falamos de abstracción cando en lugar de representar figuras concretas e recoñecibles do mundo real (como acontece na pintura figurativa), propón unha expresividade distinta a través dunha linguaxe artística baseada en formas, cores, manchas ou liñas.
- **Automatismo:** Actividade artística exercida independentemente de relacións lóxicas e de calquera referencia, para a que ás veces, o acto realizado prescinde da participación da vontade ou consciencia.